

NADAL

Escrito por Kike Benlloch e Jano
Ilustrado por Jano

BRAVÚ  **NET**



A verdade é que aborrezo o Nadal.

Ou polo menos no referente aos decorados horteras, as compras no Corte Inglés, a baleira iconografía anglosaxona artificialmente importada, o consumismo, a programación televisiva, o turrón, o champán, as luces nas rúas, os beléns, os piñeiros cortados, os anuncios de colonias, o ritual das uvas de fin de ano, as festas traxadas, as mesmas malditas cancións de merda, a resaca de aninovo...

Mesmo o feito de que se supoña que hai algo que celebrar neste tempo mentres EEUU e Israel actúan como os matachíns de patio de colexio de sempre, ponme de mala ostia.

Pero sobre todo non aturo esa sensación de avaliar a túa vida e ter a certeza de que, un ano máis, careces de rumbo. A morriña que me entra.

Si, definitivamente, aborrezco esta estúpida festa.

Por parte da miña nai son un lote de irmáns. Cando era pequeno xuntabamonos facilmente trinta persoas na casa de meus avós. Curmáns, curmás, tíos, tías, sentados arredor da mesa grande da cociña... Non coñezo nada máis semellante aos finais de Asterix que aquelas ceas do 24 de decembro.



Segundo a cea avanzaba e o alcol gañaba presenza os pequenos íámonos aborrecendo pouco a pouco. Escorriamos gradualmente das nosas cadeiras para acabar no chan, sentados debaixo da mesa. Sobre a madeira pousábanse o barullo e risos dos nosos maiores; fóra da casa ía vento e frío; noutros países chovían bombas. Pero debaixo da mesa da cociña os cativos do clan xogabamos a salvo de todos aqueles mundos exteriores. Eramos conscientes daquela sensación de protección, e gozabamos dela.



Dáme un minuto para imaxinar que todos os nenos do mundo puidesen gozar daquel amparo.

E despois direiche o bo que ten o Nadal.

Alejandro Viñuela '**Jano**' (ACoruña, 1979) é debuxante e ilustrador, e estudia Belas Artes. É un dos clásicos da escena alternativa galega, a subliñar o seu labor como editor do fanzine "Lixo". A súa primeira obra profesional de cómic foi "Nieve Negra" (1999-2000), con guiión de Adrián López e Kike Benlloch. Obras de Jano teñen recibido premios nos certames de Arteixo'1998, Ourense'2000, Cangas'2001, e Ourense'2001.

Kike Benlloch Castiñeira (ACoruña, 1974), escritor e guionista. Productor de CulturaGalega.Org e editor de Polaqla.Com. Tén traballado como guionista e redactor para múltiples medios: cómic (La Factoría de Ideas, Madrid), cine (Vía Láctea Filmes, Vigo), video-xogos (Imaxín Software, Santiago), televisión (Xabarín Club, TVG), radio (Cadena Ser; CUAC FM, A Coruña), prensa escrita (Planeta de Agostini, Barcelona; Undercómic, Madrid) e internet (Bravú.Net; ElFoco.Com; Synapsis Webzine). Mais información na súa páxina persoal <http://www.kike.benlloch.com>.